



BOLETÍN DE EJERCICIOS

Matemáticas aplicadas as CCSS – 1º BAC

Exercicio 1.- O prezo da vivenda subiu o ano pasado un 7% e durante este baixou un 2,5%. ¿Canto custa hoxe unha casa que fai dous anos custaba 210 000 €? ¿Canto custaba fai dous anos unha casa que hoxe custa 208 650 €?

Exercicio 2.- Acha o capital inicial que colocado a un interese simple do 5% durante 3 anos xenera un capital final de 3162,5 €.

Exercicio 3.- Un capital de 6500 € quérese aumentar nun 20%. Para elo colócase a interese simple do 4% anual. ¿Canto tempo debe permanecer depositado este capital?

Exercicio 4.- ¿A que interese se colocaron 8000 € que durante 3 anos xeraron 90 € de intereses trimestrais?

Exercicio 5.- Un capital colocado ao 4,25% anual de interese composto converteuse en seis anos en 6418,39 €. ¿De que capital se trata?

Exercicio 6.- Depositáanse 2500 € a un interese composto do 3,75% anual durante 2 anos. Calcula o capital final se o período de capitalización é cada seis meses.

Exercicio 7.- Calcula o capital co que se contará ó final dunha operación financeira que consiste en ingresar 300 € ó trimestre, durante 16 anos e a un tipo de interese do 6,25 %.

Exercicio 8.- ¿Durante cantos anos se deberán ingresar anualidades de 3500 € para que, a un interese do 8%, se consiga xuntar o 12% do prezo dunha vivenda que se estima será de 265 000 €?

Exercicio 9.- Unha entidade bancaria ofrece dúas posibilidades para un préstamo de 6000 €. A modalidade A consiste nun préstamo a 5 anos con cotas semestrales e a un interese do 8%. A modalidade B consiste en pagar unha cota fixa de 1300 € durante os 5 anos. ¿Cal das dúas é mellor?

Exercicio 10.- ¿Qué capital inicial será necesario ingresar nunha conta para que despois de estar colocado durante 3 anos a un interese composto do 3,5% se converta en 2400 €?

Exercicio 11.- O prezo da gasolina variou nas últimas quincenas. Na primeira subiu un 3%, na segunda baixou un 2% e na terceira volveu subir un 4%. Despois das 3 quincenas, o prezo do litro é de 145 CENT.

- a) ¿Cal era o prezo antes das tres variacións?
- b) ¿Cal é a porcentaxe da variación global do prezo nas tres quincenas?

Exercicio 12.- Colócanse 6000 € ó 4% anual de interese composto durante cinco anos. A entidade carga 1 céntimo de euro cada vez que ten que calcular os intereses xenerados e acumulalos ó capital.

- a) Calcula o capital final se o período de capitalización é dun ano, un trimestre, un mes e un día.
- b) ¿Cal dos períodos de capitalización indicados favorece máis ó cliente?

Exercicio 13.- Ana contratou un plan de pensións ós 30 anos no que depositou 400 € cada ano, a un tipo do 6,5% anual.

- a) Se agora ten 45 anos, ¿qué cantidade recibirá se decidira cancelalo plan?
- b) ¿Con qué cantidade se atopará cando se xubile ós 67 anos?